


Actividades coa *Orquestra Sinfónica de Galicia*

Durante o pasado curso 2009-2010 iniciamos unha serie de actividades en colaboración coa *Orquestra Sinfónica de Galicia* que permitiron asistir ao alumnado do noso centro aos ensaios xerais de concertos con solistas de prestixio internacional. Estas actividades tiveron continuación durante o curso 2010-2011, aumentando a lista de pianistas que tivemos o pracer de escoitar xunto a esta destacada orquestra: Arcadi Volodos, Yuja Wang, Paul Lewis e Jorge Federico Ossorio.



Unha mención especial merece o pianista Jorge Federico Ossorio, que tivo a xentileza de ofrecer unha clase maxistral o día 16-12-2010 a tres dos alumnos de piano do Conservatorio Superior de Música da Coruña. Dende aquí aproveitamos para mostrarlle a nosa gratitude pola súa amabilidade ao dedicarnos o seu tempo o día anterior á súa actuación interpretando o Concerto de Schumann.

Encontro co pianista Paul Lewis



Momento da charla co pianista Paul Lewis, A Coruña 7-12-2010

Dentro das actividades que realizamos en colaboración coa Orquestra Sinfónica de Galicia, enmárcase este encontro entre o pianista Paul Lewis e alumnado e profesorado do Departamento de Piano do noso centro na tenda FNAC de A Coruña. Durante esas datas, o pianista inglés ofreceu a integral dos concertos para piano e orquestra de Beethoven coa OSG baixo a dirección de Víctor Pablo Pérez. O alumnado do noso Departamento de Piano tamén tivo a oportunidade de asistir aos ensaios previos a estas actuacións.



Curso do pianista Andrés Alén


O pasado mes de marzo de 2011 contamos no noso centro coa participación docente do pianista cubano Andrés Alén. Pianista, compositor e orquestrador, a súa actividade en varios campos musicais, que inclúen a música popular cubana e o jazz, aportou aos alumnos participantes unha perspectiva plural, sen descoidar os aspectos técnicos da interpretación do repertorio clásico.



Momento do curso impartido por Andrés Alén, 2-3-2011



Curso ERASMUS da profesora Giovanna Musiani (Conservatorio Bolonia)



Entre os días 4 e 8 de abril tivemos o pracer de contar coa presenza da profesora Giovanna Musiani, que realizou un curso ERASMUS no que participaron un grupo de alumnos de piano do noso centro. Inaugurando así as mobilidades docentes na especialidade de piano dentro do programa ERASMUS como centro receptor.

Curso ERASMUS do profesor Adriano Ambrosini (Conservatorio Verona)

Adriano Ambrosini, profesor de piano no Conservatorio de Verona, impartiu un curso de piano no CSM da Coruña entre os días 9 e 13 de maio. Especializado na interpretación de repertorio contemporáneo, ofreceu clases maxistras en conservatorios e academias de Bruselas, Glasgow, Helsinki e Tampere.



Concertos dos alumnos de piano dos Conservatorios Superiores Coruña-Vigo Vigo, 19-5-2011

O Departamento de Piano do CSM da Coruña fai unha clara aposta pola formación do noso alumnado na interpretación en público. Iniciamos o curso 2009-2010 un ciclo de concertos de intercambio de alumnos en audicións có CSM de Vigo que continuamos durante o curso 2010-2011. No concerto de Vigo participaron os seguintes alumnos: María Somkhieva, Álvaro Blanco Seoane, Elena Pérez Salas, Gonzalo Álvarez Pérez, David Casasnovas.



Concertos dos alumnos de piano dos Conservatorios Superiores Coruña-Vigo A Coruña, 26-5-2011



Os concertos de intercambio có CSM de Vigo celébranse nos auditorios de ambos centros, Auditorio “Andrés Gaos” (CSM da Coruña) e auditorio “Martín Códax” (CSM de Vigo). No concerto de A Coruña participaron os seguintes alumnos: Álvaro Blanco Seoane, Teresa Cantalejo, Elena Pérez Salas, Gonzalo Álvarez Pérez, David Casasnovas.



Curso ERASMUS da profesora Katia Veekmans (Conservatorio Maastricht)



Entre os días 6 e 10 de xullo impartíu un curso de piano a pianista Katia Veekmans. A profesora belga, alumna de Lazar Berman, tamén traballou na Royal Academy of Brussels e na Faculty of Music of Utrecht. Katia Veekmans é membro regular de diversos tribunais de concursos internacionais e actuou como solista con múltiples orquestras con destacados directores por toda Europa.